

**PAULA-** Hoxe celebramos as Letras Galegas de Luísa Villalta.

María Luísa Villalta Gómez nace na Coruña, o 15 de xullo de 1957 e falece na mesma cidade o 6 de marzo de 2004.

A súa paixón pola música, levouna a ser titulada Superior de Violín, foi integrante da Xove Orquestra de Galiza e tamén formou parte dun grupo de música folk chamado Escaino.

A música estivo sempre presente na súa vida e en todo o que creou: poesía, narrativa, teatro... pero tamén foi unha forma de relacionarse cos amigos e amigas.

**NICO-** Estudou Filoloxía Hispánica Sección Galego-Portuguesa. Foi profesora de Lingua galega e literatura no instituto de Sada. Amaba transmitirle ao alumnado a paixón pola nosa lingua, pola nosa cultura, por Galicia e tamén o compromiso de construír un mundo mellor.

**YARA-** E XOGAR ESTE XOGO SEN NOSTALXIA

DOS TAMBORES NO CAMPO DE BATALLA,

E, CHEGADO O MOMENTO DA DERROTA,

GAÑAR ASUMINDO AS DÚAS XOGADAS.

**PAULA-** Escribiu moita poesía: Música reservada, Ruído, Rota ao interior do ollo...

Papagaio foi o derradeiro poemario inspirado nas fotografías de Maribel Longueira, os seus versos denuncian a violencia machista que sofren as mulleres máis vulnerables pola súa situación social.

**NICO-** Luísa Villalta compaxinou a escrita de libros e a docencia cun destacado activismo social. Apoiou moitas causas e denunciou aquilo que consideraba inxusto publicando artigos en varios xornais como A Nosa Terra.

Berraba ben alto NON Á GUERRA, NUNCA MAÍS, Implicándose nas causas que reclamaban xustiza e igualdade.

**YARA-** NO ALTO A MIÑA CASA ALTA

E POR CIMA UN PAÍS NAS NUBES

LIDANDO CO SOL DIFÍCIL DO NORTE

QUE SEMPRE SE RENDE ÁS GADOUPAS DO MAR

E ESQUECE FICAR PARA QUECERME.

**PAULA-** Ademais de falar galego e castelán, sabía alemán e francés, e dáballe ademais tan ben ao italiano, que ata traduciu obras dende este idioma ao noso, dándolle ao teatro galego un aire de modernidade.

**NICO-** A Luísa Villalta non lle gustaba nada que as nenas e as mozas non tivesen referentes de mulleres decididas, así que escribiu obras de teatro onde as protagonistas, deciden a súa vida e pasan da educación tradicional elixindo ser libres para aprender moitas cousas da vida. Desta forma nós podemos ler historias de mulleres fortes e bravas que son felices e viven libres.

**A AMIZADE TEN FLOR QUE REBENTA AS PAREDES, SÓ PRECISA DAS FIESTRAS ABERTAS E UNHA CHAVE QUE ABRA TODAS AS PORTAS.**

**YARA-** En máis de 60 anos da celebración das Letras Galegas só se lle dedicou este día a 6 escritoras: Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido, María Mariño, María Victoria Moreno, Xela Arias e agora a Luísa Villalta. Aínda que nos falte moito camiño por percorrer, tócanos a nós empregar a palabra e continuar a historia destas grandes mulleres.

**SABES ALMA? SON A RAÍÑA DO AR, PORQUE TEÑO PALABRAS NAS PERNAS, HORIZONTES NOS OLLOS E LEMBRANZAS NO CORAZÓN.**

Fontes Consultadas:

Primavera das Letras

Luísa Villalta. Alma de Violino da Editorial Xerais.

Luísa Villalta melodía de palabras. María Canosa. Ed. Xerais